

SESIÓN DE CURTAMETRAXES DE AGNÈS VARDÀ

DU CÔTÉ DE LA CÔTE, 1958, Francia, 25 min., VOSE

Diario persoal e filme de viaxes feito para a Oficina de Turismo francesa. Unha estrutura libre permítelle a Vardà abordar as cuestións e as paisaxes máis variadas, creando produtivas analoxías a través dun percorrido pola Costa Azul francesa.

ONCLE YANCO, 1967, Francia, 18 min., VOSE

En 1967 Vardà está en San Francisco, homenaxeada polo certame cinematográfico da cidade xunto ao seu compañeiro Jacques Demy. De xeito inesperado decide realizar unha curtametraxe sobre un home que quince días atrás aínda non coñecía, Jean Vardà, un pintor naïf moi coñecido especialmente na comunidade hippy, que resulta ser o seu tío. Rodada en tres días, Vardà capta á perfección moitos compoñentes do momento histórico (psicodelia, contracultura, activismo político) ao tempo que establece un eficaz retrato persoal.

ULYSSE, 1983, Francia, 22 min., VOSE

En expresión da súa directora, o filme interroga unha imaxe: unha fotografía tomada en maio de 1954. Á beira do mar: unha cabra morta, un cativo (Ulysse) e un home nu. Vinte e oito anos despois, a memoria arma un relato cheo de lembranzas, divagacións e datos posibles sobre aquel momento.

MARZO

Martes 25 **LA MARSELLÈSE**

DE LOS BORRACHOS

(Pablo Gil Rituerto, 2024,
España, 96 min., VOSE)

Luns de Filmoteca #67

24.3.2025



SESIÓN DE CURTAMETRAXES DE AGNÈS VARDÀ

AGNÈS VARDÀ

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



FILMOTEC
DE GALICIA



CINECLUBE PONTEVEDRA

DESPOIS E MESMO ANTES. DIÁLOGOS CON AGNÈS VARDA (II)

Braunberger citoume e dixo: «Vou facer que poidas facer cinema. Teño un encargo do departamento de turismo sobre os castelos do Loira». Crin que ía pegarlle. Pensei: «Débeme desprezar, despois de *La Pointe Courte*, os castelos do Loira...». Á fin fun visitar estes sonados castelos co corazón cheo de pena, e dei cun fin do outono sublime, dourado... Deixei levar pola dozura da ribeira do Loira. Quedaron moi contentos, pedíronme máis. «A Costa Azul, se quere».

Para o meu segundo encargo, *Du côté de la côte*, quería facer un ensaio sobre o turismo. Por que a xente vai á Costa Azul, e non a outra parte? É a Anatole Dautman, o argonauta, a quen o departamento de turismo lle envía o encargo para un documental sobre a Riviére. Convócame e aí estou, buscando localizacións, esta vez en Niza, Cannes e Menton: guía azul entre as mans e Rolleiflex arredor do pescozo. Escollo o exotismo e as vilas privadas con estatuas privadas nos xardíns privados que dan ao mar. De todo iso, salvo o mar, viuse privada a pequena vila de turistas populares. Tratába de comprender que é o que facía correr os turistas, incluíndo tamén os campistas, cara a este paraísod e pacotilla.

Gústame rir (ao principio, quería titular o filme *Eden-toc* [Paraíso de pacotilla]), mais a ironía implica burlármonos dos demais. Cando se acepta un encargo, máis vale non aburrirse, trátase máis ben de lograr un segundo grao, non tanto da ironía. Vendo *Du côté de la côte* a xente divírtese, mais en realidade non é tan divertida. O filme relaciónase cun certo principio de observación, de explicación por medio da indulxencia, o cal está ben indicado no comentario. A idea consistía en que a xente buscaba un certo Edén, ao que teñen dereito, posto que están cansos. E non é a súa culpa se o Edén que se lles propón na costa é de pacotilla. Mais, en todo caso, ese Edén de pacotilla contén a idea do descanso, que é fermosa, unha idea básica. Hai que ser indulxente e mirar a xente como se ve o filme. Ao principio, rimos; logo, comprendemos. Descubríñ con *Du côté de la côte* o meu gusto polos filmes de encargo. Os límites dun tema imposto, as motivacións dos comanditarios e a ambición dos produtores excitaban o meu desexo por facerlle honor ao encargo reparándoo un pouco, introducindo temas persoais e facendo rir e sorrir tanto como fose posible. Fíxome tomar conciencia da miña atracción polos xogos con imaxes, polas palabras e polos comentarios acrobáticos, facilitando a montaxe.

En 1967 fun a San Francisco para presentar *Les Créatures*. Tom Luddy, que traballaba no Pacific Film Archive e militaba un pouco na esquerda, díxome: «Hai un tipo que se apelida Varda nun barco en Sausalito. É da túa familia?». «Non sei, vamos ver». Un xoves fun con Tom e caín nos brazos deste Yanco, que era curmán do meu pai. Sentín un impacto tan grande con este tipo, desde o primeiro segundo, que tiven que filmalo. Dicía: «Entre o desexo e o cadro... hai unha pequena

amargura, a sombra pasa». Impresionoume moito. Comezamos ás once, rodamos durante todo o venres e o sábado; o domingo filmei un pouco pola mañá, posto que estaban aí os seus compañeiros; o son fixémolos luns pola mañá, e acabouse. Hai que volver a París para facer a montaxe e as mesturas de *Oncle Yanco* en catro semanas, pechar a casa e organizar unha vaga permanencia, xa que marchamos durante un ano polo menos. Regalamos as plantas, pechamos a viaxe e o 24 de decembro voamos Rosalie, a cadela e eu para pasar con Jacques e o tío Yanco o noso primeiro Nadal solleiro e californiano.

Extractos recollidos de festivalcine Sevilla.eu. Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.

ULYSSE: A EXPLORACIÓN DUNHA FOTOGRAFÍA

Ulysse (1982) parte dunha fotografía homónima que Varda realizara 28 anos atrás nunha praia pedregosa. Trátase dunha foto de composición: a autora colocou as figuras na paisaxe e encadró incluíndo a cabra, unha presenza real na praia que se integra coma un enigma inqueda na imaxe. Esta, en relación ás figuras humanas, non captura azarosamente un momento de vida allea, senón que pon en escena unha *rêverie* de Varda. Realizada o 9 de maio de 1954 nunha praia de Saint-Aubin-sur-Mer, poboación do l'Haute Normandie, a foto titúlase *Ulysse* e, aínda que tamén se relacione co heroe homérico suxerido coa figura masculina de costas mirando o mar, correspóndese co nome real do neno sentado na praia, se ben en castelán, Ulises, pois os seus pais eran uns alicantinos exiliados en Francia que foran veciños da cineasta na rúa Daguerre. Pasados 28 anos, Varda sentiu de socato que esa imaxe a perseguía até o punto de realizar un filme que indaga nela e que, sen case guión previo, se foi xestando mentres se rodaba e a cineasta apelaba á memoria daqueles que, a excepción da cabra morta, aparecen na foto. *Ulysse* comeza mostrando durante uns segundos a foto homónima antes de que Varda comece o seu comentario en *off* cunha evocación simple: «Era un domingo na costa, ante o canal da Mancha». Así podería comezar unha historia. En certa maneira éo, mais chea de buracos. De buracos da memoria que fan que, no canto de construírse propiamente un relato, se desenvolva unha reflexión sobre as imaxes, sobre a súa (in)capacidade evocativa e sobre a súa diversa potencia significativa, aberta á subxectividade de quen a mira. Tamén unha reflexión sobre a fragilidade da memoria e sobre a desmemoria, que tanto pode deberse á incapacidade de lembrar como á vontade de esquecer. Varda pregúntase no filme: «Que tiña na cabeza hai 25 anos, cando instalei este neno nunha praia para que ocupara o centro dunha imaxe que leva o seu nome?». Non o sabe. Esta incerteza empúrrea á procura sen que consiga aclarar o misterio desta imaxe de momento vivido.

Extractos recollidos de filmotecadegalicia.xunta.gal. Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.